



## BASES REGULADORAS DO II CERTAME CREATIVO DE OVOS DE PASCUA

### INTRODUCCIÓN

Tendo en conta o éxito da primeira convocatoria realizada e coa intención de continuar fomentando a creatividade, así como coa finalidade de promover a realización de actividades interxeracionais cos máis pequenos da familia, propoñemos celebrar de novo este certame na época da Semana Santa, relacionándoo cun dos elementos tradicionais desta época como o son os ovos de chocolate, os “ovos de pascua”.

Pensamos en realizar unha actividade que nas horas de tempo libre do que disporán os menores de idade nos vindeiros días non lectivos ou vacacionais, necendo tamén esta actividade como co fin de servir como canle que permita converter estes tempos libres en tempos de ocio, pensando tanto no colectivo da infancia como nas súas familias.

En base ó comentado a Concellería de Comercio, Hostalaría, Turismo e Cultura, propón as seguintes **BASES REGULADORAS para esta segunda edición do certame no 2022.**

### 1 PARTICIPANTES

- **Poderá participar nesta iniciativas as nenas e nenos con idades comprendidas entre os 3 e os 12 anos de idade, sexan ou non residentes en Laxe.**
- **Cada nena/o, nominadamente, só poderá presentar unha “única proposta de ovo de pascua creativo”.**

### 2 CATEGORÍAS DE PARTICIPACIÓN

Tendo en conta as diferencias en canto ós coñecementos, capacidades e habilidades dos menores de idade, **crearanse 3 grupos ou categorías de participación:**

- **CATEGORÍA INFANTIL: dos 3 ós 5 anos de idade.**
- **CATEGORÍA PRIMARIA1: dos 6 ós 9 anos de idade.**
- **CATEGORÍA PRIMARIA2: dos 10 ós 12 anos de idade.**

### 3 FORMATO

- **Para participar haberá que entregar no Rexistro Xeral da Casa do Concello ou remitir por sede electrónica un impreso de solicitude xeral xunto cunha fotografía da proposta de “OVO CREATIVO”.**
  - **Tomando como base un ovo real de animal**, este debe decorarse como cada participante queira: pintándoo, engadíndolle elementos plásticos... sen que en ningún momento deixe de apreciarse que se trata dun ovo real de animal.
  - **Sacarase unha fotografía con resolución e calidade suficiente e xunto con ela deberanse remitir necesariamente os seguintes no apartado de observacións da instancia: DATOS PERSOAIS DO/A NENO/A: NOME e APELIDOS, IDADE, CONCELLO DE RESIDENCIA E TELÉFONO DE CONTACTO.**
  - **A instancia de solicitude, deberá presentala a nai, pai e/ou titor/a** de cada nena/o que participe.

### 4 DOS PRAZOS e DA FORMAS DE PRESENTACIÓN

- **PRAZO PARA A REMISIÓN DE SOLICITUDES: dende as 08.00 horas do MARTES 29 de marzo ata 23.59 horas do XOVES 7 de ABRIL.** Todas as solicitudes recibidas fóra das horas e días sinalados como límites do prazo, serán excluídas do certame.
- Haberá **2 MODALIDADES PARA A PRESENTACIÓN das fotografías e envío dos datos persoais:**
  - **POR SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL**, accesible dende a web: [www.concellodelaxe.com](http://www.concellodelaxe.com)
  - **NO REXISTRO XERAL**, 1º andar da Casa do Concello.



## **5 DO XURADO E DO PROCEDEMENTO PARA A VOTACIÓN e RESOLUCIÓN DO CERTAME**

- **O xurado estará formado por todas aquelas persoas que emitan os seus votos por unha das seguintes DÚAS CANLES:**
  1. **PÁXINA e PERFIL DO FACEBOOK do Concello de Laxe.** Para emitir os votos deberase outorgar un “me gusta” na fotografía elixida.
  2. **POR MENSAXE WHATSAPP enviado ó teléfono de NovasLaxe: 657 771 006.** Neste caso, para emitir os votos deberase enviar un mensaxe whatsapp co seguinte texto: “**VOTO O OVO CREATIVO DE \_\_\_\_\_ (Nome e apelidos do/a neno/a)**”.

A través desta canle só será admitido un voto en cada unha das categorías: infantil, Primaria1 e Primaria2.
- **PRAZO PARA EMITIR OS VOTOS:** Dende a publicación das imaxes o venres 8 de abril ata as 12.00 h. do martes 12 de abril do 2022.
- **Ás 12.00 horas do martes 12 de abril pecharase o prazo para emitir votacións.** Non serán tidas en conta aquelas que se fagan despois dese horario.
  - ✓ **O persoal do concello será o encargado de recompilar e sumar todos os votos emitidos** por calquera das 3 canles xa comentadas.
  - ✓ **Resolverá o certame a alcaldía do Concello de Laxe en base ó informe de votación emitido polo persoal técnico,** permanecendo dita Resolución exposta no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.
  - ✓ **O resultado será comunicado ás persoas gañadoras así como nas redes sociais municipais e canles de comunicación habituais do Concello de Laxe.**

## **6 DO PREMIO**

- Consistirá na **ENTREGA DUN DIPLOMA E DUN GRAN OVO DE PASCUA DE CHOCOLATE** ás nenas e nenos autores dos “OVOS CREATIVOS” que reciban máis votos en cada unha das categorías: infantil (3-5 anos), primaria1 (6-9 anos) e primaria2 (10-12 anos).
- **O cómputo final dos votos farase do seguinte xeito: SUMATORIO DOS “ME GUSTA” outorgados a través da páxina e perfil de Facebook do Concello de Laxe e dos votos individuais recibidos a través de MENSAXERÍA WHATSAPP A NOVASLAXE ó teléfono 657 771 006.**
- **A entrega do diploma e do agasallo realizarase,** sempre que sexa posible, o **LUNS 18 DE ABRIL** de maneira personalizada a cada nena/neno.

## **7 DEREITOS DE AUTOR**

- **O Concello, resérvase o dereito de exposición, reprodución e publicación** das imaxes remitidas ó certame sen que medie ánimo de lucro e sen que, en ningún caso, poidan ser obxecto de compravenda.
- **En ningún caso, serán esixibles dereitos de autor** por parte do autor/a.
- **Cada persoa participante consinte que o Concello de Laxe faga públicos a través da súa páxina de Facebook e redes sociais, os datos facilitados para o certame,** agás o teléfono que, en ningún caso, será compartido.

## **8 PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais recollidos durante o certame, serán empregados, unicamente, coa finalidade de xestionar e executar este. **Tan só se farán públicos o nome e apelidos das persoas participantes, a súa idade e concello de residencia, así como tamén a fotografía ou fotografías que envíen ó certame, así como as que resulten do momento da entrega dos premios.** Estes datos faranse públicos a través da páxina web e redes sociais dependentes do Concello de Laxe.



De acordo coa LOPD, Ley orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os datos persoais facilitados para a participación no concurso, serán incorporados en ficheiros dos que é responsable O Concello de Laxe. Estes datos serán tratados de xeito totalmente confidencial e serán usados exclusivamente para os fins expresados.

Se desexa exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición ou cancelación dos seus datos persoais que figuran nos nosos rexistros, por favor, solicíteo escribindo un correo electrónico a [cultura@concellodelaxe.com](mailto:cultura@concellodelaxe.com) ou enviando unha carta ó noso enderezo postal enriba indicado.

**9 A PARTICIPACIÓN NESTE CERTAME SUPÓN A TOTAL ACEPTACIÓN DAS BASES por parte do/a neno ou nena participante, así como tamén dos/das seus/súas pais/nais e/ou titores.**

En Laxe.

A concelleira de comercio, hostalaría, turismo e cultura,

Raquel Lema Allo.